

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15006730	IES Sofía Casanova	Ferrol	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	3
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	4
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	5
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	5
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	5
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	6
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	6
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	7
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	7
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	8
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	9
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	10
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	10
o) Outros apartados	10

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

O IES Sofía Casanova é un centro público e urbano no que se imparten ensinanzas de ESO e Bacharelato.

O centro escolariza na ESO a alumnado de dúas procedencias: por un lado, o procedente de centros de Educación Primaria adscritos e por outro, un número significativo de alumnas/os que non proceden destes centros aos que os responsables deciden matricular aquí. En Bacharelato, aproximadamente a metade do alumnado cursou ESO neste centro, a outra metade procede de diferentes centros da localidade. O centro ten unha elevada demanda por parte do alumnado, neste curso houbo que aplicar criterios de baremación no proceso de admisión de alumnado en todos os cursos salvo en 3º ESO.

Matrícula por ensinanza

No presente curso temos catro grupos de 1º ESO, catro grupos de 2º ESO, catro grupos de 3º ESO e tres grupos de 4º ESO.

Catro grupos de 1º de bacharelato e catro de 2º Bacharelato nas modalidades de Ciencias e Ciencias Sociais e Humanidades.

O número total de alumnado matriculado no centro é 584 (277 mulleres e 307 homes) repartido:

ESO 341 alumnos en total, dos cales 152 son mulleres e 189 son homes

Bacharelato 243 alumnos en total, 125 mulleres e 118 homes

Persoal que presta servizo no centro

Persoal docente:

54 profesoras/es de ensino secundario

unha profesora de Pedagogía terapéutica

unha profesora de relixión

Total: 56 profesoras/es dos cales 47 teñen destino definitivo no centro.

Persoal non docente:

2 administrativas

2 subalternos

5 limpadoras

1 auxiliar de conversa

O centro pola súa situación xeográfica escolariza a un elevado número de alumnado procedente de familias en situación sociodesfavorecida, de procedencia estranxeira e de etnia. Tamén é relevante a porcentaxe de alumnado con necesidade específica de apoio educativo e alumnado con necesidades educativas especiais. Observamos que co paso do tempo cada vez mais alumnado presenta algunha destas situacións sobre todo nos primeiros cursos da ESO.

Para acadar os obxectivos xerais de etapa, regulados no Artigo 7 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e o artigo 7 do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, o centro revisa a súa programación e establece liñas de actuación nos seguintes ámbitos:

1. Dinamización dos órganos de goberno e de coordinación docente do centro e impulso da participación neles dos diversos colectivos da comunidade educativa.
2. Xestión dos recursos humanos e materiais e liderado educativo.
3. Organización de actividades extraescolares que favorezan a apertura do centro conectando este coa súa contorna.
4. Impulso e posta en marcha de programas e iniciativas de innovación e formación que melloren o funcionamento do centro.
5. Dinamización da atención á diversidade dos alumnos con necesidade específica de apoio educativo.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

As competencias clave son desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea, do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente, e aparecen recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico. Así mesmo, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias clave son:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

O currículo de cada área ou materia incluirá, xunto aos obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, unha descrición da contribución da mesma á adquisición das competencias básicas. As áreas e materias do currículo constitúen o marco de organización concibido para alcanzar os obxectivos educativos e, consecuentemente, para que os alumnos adquiran as competencias básicas. Con todo, non existe unha relación unívoca entre o ensino de determinadas áreas ou materias e o desenvolvemento de certas competencias básicas. Como norma, cada unha das áreas debe contribuír ao desenvolvemento de diferentes competencias e, á súa vez, cada unha das competencias clave alcanzarase como consecuencia do traballo en varias áreas ou materias. Unicamente deste xeito pódese

garantir que as aprendizaxes colaboren efectivamente ao desenvolvemento das competencias, na medida en que se integren na estrutura global do coñecemento e facilítese a súa aplicación a unha ampla variedade de situacións.

O traballo nas áreas e materias do currículo non é o único modo de contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas. As competencias, particularmente as que teñen un carácter máis xeral, requiren tamén doutras actuacións dos centros, imprescindibles para o seu desenvolvemento. Así, por exemplo, a organización e o funcionamento dos centros, a participación do alumnado, as normas de organización e funcionamento ou o uso das instalacións poden favorecer ou dificultar o desenvolvemento de competencias asociadas á convivencia, á cidadanía ou á alfabetización dixital. A concepción, a organización e o funcionamento da biblioteca escolar pode á súa vez colaborar naquelas asociadas á comunicación, ao aprender a aprender ou, tamén, á alfabetización dixital. Igualmente, a acción tutorial

contribúe de modo determinante á adquisición de competencias relacionadas co aprender a aprender ou as habilidades sociais. Por último, a planificación das actividades complementarias e extraescolares pode influír no desenvolvemento de múltiples competencias básicas.

As competencias básicas están relacionadas co currículo e a organización do centro.

Respecto do currículo:

- Son unha referencia en todos os niveis de decisión sobre o currículo
- Forman parte dos ensinos mínimos da educación obrigatoria,
- Constitúen un referente da promoción e da titulación.
- Serven de referencia nas avaliacións de diagnóstico.
- Deben incluírse no currículo para facilitar a toma de decisións sobre a selección de obxectivos, contidos e criterios de avaliación, a importancia relativa de cada un deles, a orientación metodolóxica e a avaliación.
- A metodoloxía non é indiferente, favorece ou dificulta a adquisición de Competencias: débese potenciar o saber facer, a selección e variedade das actividades de aprendizaxe adecuadas, a integración de coñecementos, destrezas e actitudes.

Respecto da organización:

- Están incluídos nos documentos de planificación do centro: PE, CC, PXA e programacións.
- Forman parte da Titoría/Orientación: Formas de traballo, hábitos, relación cos demais, imaxe dun mesmo, etc.
- Están presentes na normas de organización e funcionamento: Formas de tomar decisións, papel dos alumnos, reacción ante os conflitos, etc.
- Guían as actividades complementarias e extraescolares: utilización de aprendizaxes, integración de coñecementos, relación con outros, etc.
- Orientan a programación dos recursos educativos: biblioteca, aulas de informática, polideportivo, polo creativo, radio escolar...

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

O Artigo 18 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, e o Artigo 19 do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establecen os elementos transversais do currículo. Sen prexuízo do seu tratamento específico nas materias da

etapa os criterios para incorporalos serán:

1. Que sexan traballados desde a interdisciplinariedade.
2. Que pretendan unha educación integral da persoa nos seus diferentes ámbitos da personalidade.
3. Que faciliten que o currículo escolar se achegue á vida, ao medio ou contorna, introducíndose en problemáticas, realidades cotiás, etc., levando a cabo reflexións e compromisos activos.
4. Que provoquen cambios de conduta persoal e transformacións na contorna.
5. Que sexan tratados desde cada materia.
6. Que estean implicados todos os membros da comunidade educativa para propiciar un cambio cualitativo.
7. Que sexan incluídos en todas as actividades educativas organizadas no centro.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

A metodoloxía empregada será activa e propiciará unha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa para elo deberá:

1. Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
2. Posibilitar que os alumnos realicen aprendizaxes significativas por si sós.
3. Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñan sentido para o alumnado, co fin de que resulten motivadoras e que se acheguen á vida, ao medio ou contorna, introducíndose en problemáticas e realidades cotiás.
4. Ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os distintos intereses e motivacións.
5. Presentar actividades que pretendan unha educación integral da persoa tendo en conta os principio do DUA, os elementos transversais do currículo e os ODS.
6. Avaliar todos os aspectos do proceso educativo e permitir a retroalimentación, a achega de informacións precisas que permitan reestruturar a actividade no seu conxunto.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Os recursos didácticos son todos os obxectos, lugares, persoas, accións ou situacións que nos son útiles para favorecer a aprendizaxe do alumnado e permiten un bo desenvolvemento da tarefa docente do profesorado. Por iso é preciso realizar unha selección e establecer uns criterios de uso na Concreción Curricular e que estes sexan compartidos polo equipo docente.

Os recursos utilizados deberán:

1. Promover a aprendizaxe significativa, a creatividade a innovación, e estimular o espírito crítico e a reflexión.
2. Ser adecuados para diferentes tipo de alumnado, axustándose ao seu nivel e estilos de aprendizaxe, e explotando diferentes camiños para alcanzar os obxectivos didácticos.
3. Estar vinculados ás experiencias vitais do estudante, desenvolvendo a súa autonomía, adecuándose ao ritmo de aprendizaxe e presentando os contidos de maneira atractiva e innovadora, incrementando a competencia social do alumno.
4. Poder ser utilizados en diferentes materias e en distintas agrupacións de alumnos.
5. Ser inventariados

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

No IES Sofía Casanova impártese a ESO e Bacharelato nas modalidades de Ciencias e Ciencias Sociais e Humanidade. Na ESO o alumnado pode escoller no sobre de matrícula as optativas que marca a normativa aínda que só serán impartidas aquelas materias que teñan o número mínimo de matrícula legalmente esixido.

No bacharelato para adecuar a oferta educativa do centro ás preferencias do alumnado, no mes de maio realízase unha enquisa para deseñar o sobre de matrícula no que só aparecerán as materias con garantías de alcanzar o mínimo de matrícula esixido. De esta forma, as materias que non teñen demanda ou é moi escasa, non figurarán no sobre de matrícula,

Ademais das preferencias do alumnado, procurarase que a oferta educativa do centro sexa coherente e que permita continuar estudos posteriores con garantías.

Para facilitar a elección, o alumnado recibirá orientación sobre a oferta educativa do centro por parte do Departamento de orientación, o profesorado titor ou xefatura de estudos segundo corresponda.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

As actividades complementarias e extraescolares (ACEs) teñen a finalidade principal de ser o complemento á formación académica que o noso alumnado recibe nas clases nas diversas materias. O reto principal é configurar unha programación de cumprimento esa formación, teña un equilibrio entre os distintos campos de coñecemento e se adecúe as distintos intereses e potencialidades do alumnado do centro.

Entre os Criterios para configurar a oferta destas Actividades Complementarias os máis importantes son os seguintes:

- Contribúan a adquirir as competencias básicas e os obxectivos xerais da etapa na ESO e Bacharelato.
- O contido ofertado teña relación con varias áreas de coñecemento e poida ser reforzado dende varias materias de xeito interdisciplinar.
- Mellore a convivencia no centro e proporcione recursos para a integración social de todo tipo de perfil de alumnado. Planificar actividades que melloren a cohesión entre o alumnado e baixe o nivel de conflitividade no centro.
- Sexa inclusivo, aplicable ao alumnado de características especiais ou que presente calquera tipo de dificultade (atenda á diversidade)
- O contido ofertado poida ter continuidade na contorna no centro. O alumnado poida seguir formándose neste contido cunha oferta significativa na nosa contorna.
- Exista un equilibrio nos distintos niveis educativos. Intentamos que non haxa niveis educativos máis desatendidos por cuestións de dificultades como, conduta, número de alumnos ou outros factores que provoquen rexeitamento ao profesorado á hora de planificar as ACEs.
- Intentar que contribúan a adquirir e aplicar as competencias STEM, sendo un itinerario vertebrador no programa educativo no noso centro. Promocionar a educación dixital e o emprego adecuado das TICs debe de ser un patrón común na oferta de Actividades Complementarias.
- Contribúan a mellorar o clima entre o claustro de profesores. Crear un ambiente investigador que mellore significativamente o proceso de ensino aprendizaxe. Vista a traxectoria de varios anos podemos destacar que ofertar este tipo de actividades mellora, en gran medida, a relación profesor alumno e baixa moito o nivel de conflitos nas aulas.
- Incentivar ACEs nas que o alumno sexa o axente do seu aprendizaxe, interactúe, investigue, participe dende diferentes roles evitando actividades moi numerosas onde o alumnado adquira un rol pasivo.
- Contribúan ao multilingüismo é outro dos eixos vertebrador do noso centro, sendo o galego idioma vehicular en todo momento.

Debido as características do noso centro, poucos espazos polivalentes e unha ratio moi elevado tivemos que chegar a unha serie de acordos para que exista un bo equilibrio académico na oferta educativa. Os acordos alcanzados nas CCPs resúmense nos seguintes puntos:

- Unha ACE por materia mes e nivel agás materias optativas con número reducido de alumnado.
- Unha saída con pernocta ao ano académico realizada en período de baixa incidencia de cara a preparación de exames.
- Non realizar ACEs nos periodos de exames das 3 avaliacións.
- Non programar actividades que comporte un gran desembolso económico para as familias (nos máis de 5 euros) buscando fontes de financiamento cando superen esta cantidade.
- Non programar actividades nos mesmos días da semana (evitar que sexan sempre martes ou venres)
- O profesorado acompañante irá principalmente o que teña clase co grupo que vai á actividade. Este criterio mellora a porcentaxe de implicación do profesorado polo xa comentado previamente e reduce o número de clases non impartidas noutros grupos afectados.

É necesario comentar que temos un protocolo de Planificación das ACEs moi completo e por fases coordinado a través da Vicedirección para garantir os criterios mencionados anteriormente. Destacar tamén o Departamento de Orientación, principal responsable en cooperación coa Vicedirección de deseñar o Plan de Acción tutorial, elemento que organiza un gran número de ACEs para cada nivel educativo.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Cada departamento establecerá nas súas programacións os criterios xerais dos plans de reforzo para o alumnado que promocióne con materias suspensas. Ademais, elaboraranse plans de reforzo personalizados para cada alumno/a con materias pendentes. Os responsables do alumnado coñecerán estes plans e deixarán constancia por escrito. O alumnado disporá na aula virtual do centro das actividades propostas para recuperar a materia.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado designado polo departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.

Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Cada departamento establecerá nas súas programacións os criterios xerais dos plans de reforzo para o alumnado que permaneza unha ano máis no mesmo curso. Os responsables do alumnado coñecerán estes plans e deixarán constancia por escrito.

Este plan elaboraráo o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso. A avaliación inicial servirá para recoller a información necesaria para a elaboración do plan de reforzo individualizado.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

Na sesión de avaliación final recollerase toda a información relevante sobre o alumnado que vai repetir para elaborar o plan específico deste alumnado o curso seguinte.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

ESO

1. Ao finalizar o curso, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- c) Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación.
- d) Que o equipo docente estime que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

BACHARELATO

1. As alumnas e os alumnos conseguirán a promoción do primeiro ao segundo curso de bacharelato cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para estes efectos, só se computarán as materias en que estea matriculada a alumna ou o alumno.
2. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso.
3. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade. Neste caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno superase previamente.
4. O alumnado que ao termo do segundo curso tivese avaliación negativa nunha ou máis materias poderá:
 - a) Matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas. Neste caso poderá solicitarlle á dirección do centro educativo a asistencia ás clases das materias xa superadas de segundo curso, quedando unicamente exento da súa avaliación e debendo cumprir coas mesmas obrigas que o resto do alumnado do grupo.
 - b) Repetir o curso completo. Neste caso non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno superase previamente.

CRITERIOS DE TITULACIÓN

ESO

A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa.

Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Para a titulación non existe número nin tipoloxía de materias non superadas.

BACHARELATO

1. Será necesaria a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato para a obtención do título de bacharel.

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir que unha alumna ou un alumno obteña o título de bacharel cando supere todas as materias agás unha, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola sexa igual ou superior a cinco. Para os efectos deste cálculo, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

ESO

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

No caso de que o número de alumnos que cumpra o anterior requisito supere o 5% do total do alumnado deste curso, aplicaranse os seguintes criterios:

1. O alumnado que obteña maior nota media no 4º curso de ESO.
2. En caso de empate, utilizarase a nota media en toda a etapa.

BACHARELATO

1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnos ou alumnas igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

En caso de que o número de alumnos que cumpra o anterior requisito supere o 5% do total do alumnado deste

curso, aplicaranse os seguintes criterios:

1. O alumnado que obteña maior nota media en 2º de Bacharelato.
2. En caso de empate, o alumnado que obteña maior nota media en toda a etapa.

I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

O profesorado do centro baixo a coordinación das xefaturas dos departamentos didácticos desenvolverá o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia ou ámbito de cada curso de educación secundaria obrigatoria ou de bacharelato que teña encomendada na organización docente do centro.

A programación didáctica, que será única para o mesmo nivel, deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento ou, de ser o caso, do equipo docente.

As programacións didácticas incluírán en cada materia polo menos, os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- c) Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluírán a parte do currículo da área, materia ou ámbito que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación.
- d) Metodoloxía.
 - Concrecións metodolóxicas.
 - Materiais e recursos didácticos.
- e) Avaliación.
 - Procedemento para a avaliación inicial.
 - Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación e criterios de recuperación ou criterios de valoración, no caso de educación infantil.
 - Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, no caso da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
 - Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.
- f) Medidas de atención á diversidade.
- g) Transversal.
 - Concreción dos elementos transversais.
 - Actividades complementarias.
- h) Práctica docente.
 - Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
 - Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

Para a elaboración e o seguimento destas programacións utilizarase a aplicación informática «Proens», a través do seguinte enderezo: <https://www.edu.xunta.gal/proens>

De acordo co artigo 77 da Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, corresponde á comisión de coordinación pedagóxica, establecer as directrices xerais para a elaboración e revisión das programacións didácticas, velar polo seu cumprimento, así como elaborar os protocolos para avaliar o resultado do seu desenvolvemento.

É competencia dos departamentos a elaboración, a fin de curso, dunha memoria na que se avalíe o desenvolvemento da programación didáctica e os resultados obtidos, de acordo coas directrices fixadas pola comisión de coordinación pedagóxica.

Os departamentos fan o seguimento mensual da programación didáctica e establecen as medidas que, se é o caso, se estimen necesarias por desaxustes no seu desenvolvemento, resultados pouco satisfactorios e/ou circunstancias non contempladas inicialmente.

Á vista das actas ou informes os departamentos, despois da avaliación de xuño recollerán nunha memoria para cada materia, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente.
- b) Avaliación da programación didáctica.
- c) Modificacións introducidas durante o curso e xustificación das mesmas.
- d) Análise dos resultados das avaliacións finais do alumnado en relación cos cursos anteriores.
- e) Propostas de mellora para a programación do curso seguinte.
- f) Actividades complementarias e extraescolares realizadas e a súa valoración.

A súa redacción corresponde ao xefe de departamento quen, unha vez aprobada, a entregará en formato electrónico ao xefe de estudos, segundo as indicacións e prazo que estableza a dirección.

A dirección incorporará as memorias e os seus anexos á Memoria Anual do centro que se remitirá, antes do 10

de xullo ao Servizo Territorial de Inspección Educativa.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Para lograr unha educación de calidade para todo o alumnado e desenvolver o máximo posible as súas potencialidades os proxectos, plans e programas que participe o centro deben:

1. Fomentar a innovación educativa a través do traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial e o compromiso coa consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030
2. Promover a realización de proxectos interdisciplinarios que fomenten o papel activo do alumnado ante os desafíos sociais, económicos e medioambientais da sociedade actual e do futuro e poidan servir de modelo de traballo ou de boa práctica, tanto para o propio centro coma a súa contorna.
3. Implementar programas que promovan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a inclusión, a redución das taxas de abandono escolar temperán, o desenvolvemento da competencia emocional e, en xeral, a mellora do clima escolar de toda a comunidade educativa.
4. Desenvolver as competencias clave, afondar no logro da excelencia educativa, incentivar o talento do alumnado, promover hábitos de vida saudables, impulsar unha educación para o desenvolvemento sostible e mellorar a xestión do centro.
5. Desenvolver proxectos dende un enfoque innovador, e seguir afondando na procura de estratexias para cambiar dinámicas e adoptar enfoques metodolóxicos novidosos.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A concreción curricular será avaliada anualmente polo Claustro de profesores. As propostas de valoración e de modificacións, se as houberse, serán presentadas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica ao Claustro de profesores no mes de setembro, para a súa discusión.

A concreción curricular será aprobada polo Consello Escolar e o Claustro.

o) Outros apartados

1. Outros apartados

Non hai